

# PLAN DIXITAL

[CEIP da Cruz]

[Versión 1.0\_ xuño 2022]



# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

- Nome do centro: CEIP da Cruz
- Dirección: Rúa das Baleazas 5, 36360 Camos – Nigrán
- Correo: [ceip.dacruz@edu.xunta.gal](mailto:ceip.dacruz@edu.xunta.gal)
- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cepdacruz/>
- Etapas educativas: Educación Infantil e Educación Primaria
- N° alumnado: 88
- N° profesorado: 11

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

*Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro.*

O CEIP da Cruz sitúase no ámbito rural de Nigrán lindando coa parroquia de Priegue e a de Camos situado en pleno monte arredado do núcleo das parroquias que escolariza. Escolariza aos nenos/as de Primaria e de Infantil de Camos, e os dos barrios de Sanromán e de Mámoa de Priegue. O nivel sociocultural das familias é medio, e nalgúns casos baixo en correspondencia co nivel de estudos que nalgúns casos non supera a Ensinanza Secundaria Obrigatoria. Os postos de traballo habituais dos homes están relacionados co sector da construción, traballadores de Citroën ou empregados en pequenas empresas da zona. As mulleres que se dedican a traballos fora da casa, na súa maioría están relacionadas co sector servizos.

O idioma predominante nas familias é o galego, aínda que constatamos que se fai uso del entre os adultos/as dirixíndose aos fillos/as en castelán. Está situación é reflexada na escola, onde utilizan maiormente para falar entre eles o castelán.

O Concello de Nigrán conta cos seguintes servizos culturais e educativos:

- Biblioteca municipal, varias asociacións de veciños e centros culturais (destacando o Centro Cultural Camoesa co que colaboramos nalgunhas actividades), pavillón polideportivo en Panxón, piscina en Ramallosa, auditorio no Concello, parques... pero destacamos os grandes recursos naturais que hai na zona como praias, montes, petroglifos, aos cales prestamos atención cada curso para aprender a través da nosa contorna. Para elo contamos coa colaboración do IEM (Instituto de Estudos Miñoráns) o cal proporcionanos bibliografía e diferentes recursos para esta labor educativa.
- Outros centros cos que colaboramos ou temos relación son: IES Val Miñor (adscritos a el); IES Escolas Proval (no que tamén se escolarizan algún do noso alumnado); CEIP de Mallón; CEIP Carlos Casares; CEIP Humberto Juanes; CPI Arquitecto Palacios; e EEI de Panxón.

*Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro.*

O Plan Dixital e o Proxecto Educativo do centro vincúlanse polo uso das novas tecnoloxías como parte do noso día a día nas prácticas habituais.

- A incorporación das TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe, como un recurso máis.
- A adquisición de coñecementos e habilidades para o seu uso nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.
- A consecución dunha competencia dixital que lles aporte ao alumnado habilidades para informarse, aprender e comunicarse.

O Plan Dixital contribúe ao Proxecto Educativo e van da man como instrumento para favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensino aprendizaxe como no resto de procesos de xestión do centro, co obxectivo último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado.

Relaciónase cos PROXECTOS ROBÓTICA, EDIXGAL e DIGICRAFT, integradas como un recurso máis no proceso de ensino aprendizaxe en todos os niveis educativos contribuíndo ao desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa.

*Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.*

O PD será un instrumento que se integre no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

#### Contextualización normativa en relación co Plan Dixital no noso centro

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

### 1.4. Proceso de elaboración

Procedemento:

- Creación do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.
- Asesoramento do Equipo ADIX acompañando en todo o proceso.
- Análise da situación do centro mediante as ferramentas SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente.
- Diagnose de situación do centro. DAFO.
- Elaboración do Plan Dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### **Infraestrutura dixital:**

Infraestrutura de datos (conectividade a internet). Contamos tanto con conexións cableadas e sen fíos, e con puntos de acceso que dotan ao centro dunha infraestrutura inalámbrica (edu.xunta.es).

Infraestrutura de voz (telefonía). Existe telefonía fixa e inalámbrica co operador contratado pola Xunta . Un teléfono móbil R.

Conexións cableadas en todos os espazos, agás en catro aulas.

O centro forma parte do Programa Escolas Conectadas e do Programa Educa en Dixital. Desenvolvemento do Plan TIC.

#### **Equipamento:**

-Aulas dixitalizadas: con conectividade e posibilidade de visualización e interacción. 6 encerados interactivos. 13 canóns proxectores.

-Proxecto educación dixital E-Dixgal: 5º e 6º Primaria, 26 portátiles + carro de carga. 1 portátil para mestres/as do Equipo Docente de 5º e 6º.

-Programa Educa en Dixital: 3 portátiles.

-Postos de traballo de xestión e administración do centro: 1 PC sobremesa e 1 portátil.

-Uso na biblioteca: 3 portátiles.

-Equipos para uso na sala de profesorado: 2 PC sobremesa.

-Proxecto DigiCraft: 12 tablets.

-Aula Maker. 10 tablets.

-Aula Informática: 17 ordenadores (8 portátiles, 9 sobremesa).

#### **Servizos dixitais educativos:**

Contamos cos que facilitan a xestión docente (correo electrónico, páxina web do centro, aula virtual, Abalarmóbil, Abalarpro, Edixgal).

Ademais, o centro conta con canal de Youtube, Facebook e Instagram, tendo en conta o establecido no Protocolo de Protección de Datos Persoais da Xunta e na Ley Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

#### **Mantemento dispoñible:**

UAC (Unidade de Atención a Centros).

### 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

#### **Autoavaliación SELFIE:**

Áreas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	3.9
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.9
	Profesorado	3.3
	Alumnado	3.5
	Equipo Direct.	3.9

<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Profesorado	3.5
	Alumnado	4.2
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	4.2
	Profesorado	4.2
	Alumnado	-
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	4
	Profesorado	4.3
	Alumnado	-
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.9
	Alumnado	4
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	3.4
	Profesorado	3.5
	Alumnado	-
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	3.9
	Profesorado	3.8
	Alumnado	4.3

### Test CDD:

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	6	11	54,5%
<b>PROVISIONAL</b>	1	1	100%
<b>SUBSTITUTO</b>	1	2	50%

#### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
83,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

#### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>INF</b>	79,5	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
<b>PRI</b>	105	Experto/a (B2)	77	Integrador/a (B1)

#### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A2</b>	3	37,5%
<b>B1</b>	.	12,5%
<b>B2</b>	.	50%
<b>TOTAL</b>	8	100%

## 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C3. Acceso a Internet C8. Dispositivos dixitais para a aprendizaxe	Dispositivos dixitais obsoletos
	PERSOAL DOCENTE	B2. Debate sobre o uso da tecnoloxía D1. Necesidades de DPC D2. Participación no DPC D3. Intercambio de experiencias E1. Recursos educativos en línea	E2. Creación de recursos dixitais F6. Proxectos interdisciplinares G1. Avaliación das capacidades G3. Retroalimentación axeitada B1. Avaliación do progreso
	PERSOAL NON DOCENTE	Estabilidade laboral	
	ALUMNADO	Comportamento seguro Comportamento estable	H6. Otorgar recoñecemento ao traballo dos demais (H Todas) Dificultades para recoñecemento de licenzas
	FAMILIAS	Boa relación coas familias	Escasa participación das familias
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A3. Novas modalidades de ensino	A1. Estratexia dixital C5. Asistencia técnica

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Estabilidade laboral do persoal non docente 2. Actuacións da administración educativa	1. Dotación de equipamento tecnolóxico
	LEXISLACIÓN	1. Lei protección de datos 2. Lei de dereitos de autor e licenzas 3. Lei que impulsa o plan dixital 4. Lexislación non educativa que afecta ao sistema educativo 5. Lexislación educativa	
	CONTORNA	1. Relación con persoas que non forman parte da comunidade educativa	1. Acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo
	ANPA	1. Relación coa ANPA	
	OUTRAS ENTIDADES	1. Colaboración con institucións alleas ao centro educativo	



### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da análise DAFO, establecéronse uns obxectivos, indicadores e accións que se recollen nas seguintes táboas:

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidades de equipamento:

Moitos dos ordenadores cos que conta o centro foron adquiridos polo propio centro, por tanto, non son corporativos. Estes equipos son obsoletos (máis de 10 anos), requirindo amplitude de memoria RAM e solucións técnicas variadas para actualizarse.

Para desenvolver o plan de acción precisamos de: Portátiles, 4 encerados dixitais, Equipo de son, punteiros láser, altofalantes (columna), canóns proxectores.

"Área/s de mellora": A. Liderado: A1. Non existe unha estratexia dixital						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Establecer un equipo de mestras/es (EPD) para a elaboración, xestión e seguimento do plan dixital de centro (PDC)				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección do centro				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de persoas implicadas no EPD					
<b>Valor de partida</b>	Só o equipo directivo					
<b>Valor previsto e data</b>	50 % do claustro de mestras/es			Setembro - outubro		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1: Reunir ao claustro e CCP para explicar a importancia do PDC</b>	Dirección	Setembro	Convocatoria de claustro Normativa Convocatoria de CCP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Motivar ao profesorado a colaborar concedendo unha hora de reunión semanal aos membros do PDC</b>	Dirección Inspección	Setembro	Visto bo da Inspección		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3: Crear un grupo de traballo sobre novas modalidades de ensino en relación a dixitalización na aula virtual</b>	Xefatura de estudos	1º Trimestre	CFR Fprofe Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>"Área/s de mellora": A. Liderado: A5. Non se coñecen os dereitos de autor</b>							
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Coñecer os dereitos de autor, as licenzas Creative Commons e o dereito de cita					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	EPD e Coordinador TIC					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de mestras/es que indican o tipo de licenza, así como a cita, nos materiais creados e utilizados						
<b>Valor de partida</b>	0% do profesorado indica a licenza nos materiais que utiliza ou crea						
<b>Valor previsto e data</b>	50% do profesorado indica a licenza nos materiais que utiliza ou crea				Todo o curso escolar		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
<b>AO2.1: Curso 0 para o profesorado sobre dereitos de autor, licenzas Creative Commons e dereito de cita</b>	Coordinador TIC	Setembro	Aula virtual do centro Material do CAFI		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO2.2: Buscar Recursos Educativos Abertos por ámbitos</b>	EPD	Xuño	Aula virtual do centro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO2.3: Crear un repositorio de enlaces na Aula virtual do centro a materiais didácticos con licenzas CC ou de dominio público</b>	Coordinador TIC	Xuño	Aula virtual do centro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

<b>"Área/s de mellora": E. Pedagogía: E2. Creación de recursos dixitais propios</b>							
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de estudos, EPD e Coordinador TIC					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de recursos dixitais creados polo profesorado participante no PFPP (instrumento: enquisa ao profesorado participante no PFPP)						
<b>Valor de partida</b>	Non aplica (sen datos previos)						
<b>Valor previsto e data</b>	2 recursos dixitais creados por docente				31/05/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
<b>AO3.1: Solicitar un PFPP cunha liña de creación de recursos dixitais</b>	Equipo Directivo	outubro	CFR		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO3.2: Crear recursos dixitais adaptados ao currículo</b>	Xefatura de estudos. Profesorado	Terceiro trimestre	Software específico (de ser o caso)		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>AO3.3: Publicar na aula virtual recursos dixitais adaptados ao currículo creados polo profesorado</b>	Profesorado	Terceiro trimestre	Aula virtual Recursos creados		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

<b>"Área/s de mellora": C. Infraestruturas e equipamento</b>							
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Actualizar os dispositivos dixitais do centro					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador TIC					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de equipos do centro con hardware anterior a 2014 actualizados (instrumento: memoria TIC)						
<b>Valor de partida</b>	0% de equipos do centro con hardware anterior a 2014 actualizados						
<b>Valor previsto e data</b>	75% de equipos do centro con hardware anterior a 2014 actualizados				15/12/2022		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
<b>AO4.1: Determinar as necesidades de cada equipo do centro</b>	Persoa coordinadora das TIC	01/11/2022			<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>AO4.2: Solicitar e instalar os discos duros sólidos e a ampliación da memoria RAM dos equipos máis obsoletos</b>	Persoa coordinadora das TIC. Equipo directivo do centro	15/12/2022			<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		

## 4. Avaliación do plan

### 4.1. Seguimento do Plan de Acción

No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

### 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do plan

No último trimestre do curso 2021-2022, o Plan Dixital será aprobado polo Consello Escolar, unha vez oído o claustro. Farase difusión entre as familias a través da páxina Web do centro.